



Concello de Cuntis

Expediente núm.: 263/2022

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións Solicitadas a Outra Administración

Interesado: Obras

Data de iniciación: 24/02/2022

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022, aprobado polo pleno da Deputación de Pontevedra e publicadas no Boletín Oficial da Provincia o día 27/11/2021.

Vista a providencia de alcaldía de data 25/02/2022.

Vista a necesidade de realización de determinadas obras de acondicionamento da antiga casa de telégrafos para uso municipal.

Visto o proxecto denominado “Rehabilitación integral do edificio dos antigos telégrafos para uso municipal” redactado polo arquitecto David Álvarez Caeiro.

Examinada a documentación que a acompaña e de conformidade co establecido no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Realizar a finalidade obxecto da subvención e aprobar o proxecto denominado “Rehabilitación integral do edificio dos antigos telégrafos para uso municipal”, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso, por importe de 240.007,38 € a executar en dúas anualidades, 140.000,00€ no ano 2022 e 100.007,38€ no ano 2023

SEGUNDO. Solicitar para a súa realización unha subvención polo 100% do custo (240.007,38 €), 140.000,00€ no ano 2022 e 100.007,38€ no ano 2023, con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, asumindo o compromiso de comunicarlle á Deputación de Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

TERCEIRO. Asumir o compromiso de incluír nos orzamentos de cada anualidade o financiamento correspondente para asumir cada unha delas e quedando, en todo caso, condicionada a aprobación do expediente á aprobación do orzamento do exercicio que corresponda e á existencia de crédito axeitado e suficiente neste.





Concello de Cuntis

CUARTO. A axuda que se pide para a execución deste investimento alcanza o 100% do importe das obras, non téndose solicitado outras axudas para a mesma finalidade.

QUINTO. Os terreos precisos están dispoñibles para a normal execución das obras e tamén as licenzas, as autorizacións e as concesións administrativas para levalas a cabo; no caso de non estar dispoñibles no momento da adopción deste acordo/resolución asúmese o compromiso de acreditar ante a Deputación a dispoñibilidade dos terreos antes da licitación do investimento ou, no seu caso, antes do inicio do trámite de xustificación da axuda económica.

SEXTO. Dar traslado do presente decreto ao Pleno, departamentos de Intervención e Contabilidade

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

